

O Carballal, Olas – Mesía, 1987-11

Informante: José Manuel Rodríguez Suárez

Compilador: Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. A raíz do toxo verde
éche mala d' olvidar-e*
os amores primeiros
son moi malos d' olvidar-e.
2. [O] cura e maila criada
foron aos carabullíños
a criada caeu de cú-e
e o cura caeu de fuciños.
3. [O] paxaro cando chove
mete o rabo na silveira
así fai a boa nena
cando non ten quen a queira.
4. [Eu ben] vin esta-lo cuco
na punta dun abeneiro
ca subeliña na man-he
aprendendo a zapateiro.
5. O amor da costureira
era papel e mollouse
aghora, miña costureiriña
o teu amor acabouse.
6. [O] melro e maila melra
iban polo prad' abaixo
ã melra como era pilla
meteu o melro debaixo.

*Debería ser: *d'arrincar-e*



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades